



Artigos na prensa diaria

ESCRITOS SOBRE ARQUEOLOXÍA
Xosé María Álvarez Blázquez

Novos achados. Para o esclarecemento do pasado da nosa cidade

Orixinal en castelán: "Nuevos hallazgos. Para el esclarecimiento del pasado de nuestra ciudad". Faro de Vigo do 20 de setembro de 1952, pp.1-2.

Xosé María **Álvarez Blázquez**

O rápido crecemento da nosa cidade no transcurso dos últimos cen anos coincidindo, recentemente, co período de maior florecemento dos estudos prehistóricos e arqueolóxicos dentro de Galicia, imposibilitou toda exploración sistemática do subsolo de Vigo, con miras a descubrir posibles vestixios de primitivas culturas.

A dificultade alcanzou mesmo á magnífica atalaia do Castro, coas súas abas urbanizadas e o cume convertido en parque, non son sometidas a metódicas escavacións. Unicamente e de casualidade traballos de axardinamento ou de apertura de vías proporcionaron, en varias ocasións, reducidos espolios, dos que xa daremos conta. Por estes achados espoliados (muíños de man, cerámica castrexa, restos de grandes ánforas romanas, etc.), pode considerarse que o Castro de Vigo tería un uso parello ao dos millares de poboados que dan testemuño da chamada "Cultura dos Castros" do noroeste peninsular. Mesmo cabe sospeitar que a privilexiada situación xeográfica da nosa cidade (aínda desbotando a discutida localización do "*Vicus Spacorum*") constituiría poderoso reclamo para unha intensa romanización da poboación primitiva. Por desgraza, os vestixios da romanización son escasos e nin sequera poden achegarnos testemuños epigráficos abundantes noutras bisbarras de Galicia; nin unha simple foi achada, que saibamos, no termo municipal de Vigo onde é seguro que o invasor romano atopou cómodo asento, ao amparo dun mar e un ceo pródigos.

Por estas razóns, son de sumo interese para o esclarecemento do pasa-

do da nosa cidade cantos achados, por mínimos que sexan, contribúan a dar noticias e probas indicativas que hoxe temos sobre os seus moradores máis antigos. Estes días achamos fidedigno testemuño da existencia dunha necrópole romana en Vigo, próxima seguramente da acrópole do Castro. Disto imos dar breve noticia, en espera de que as exploracións permitan ampliala se entón se producen achados de maior interese.

Con motivo dos traballos de recheo na zona gañada ultimamente ao mar, onde un día se atopaba a praia de San Sebastián, procedeuse a levantar parte do terreo que, partindo do muro do cemiterio vello (onde hoxe radica a “Casa do Pescador”), limitaba coa devandita parte de terreo rochoso, onde, segundo os informadores, o mar chegaba a bater nos días de forte marusía. Os traballos de rescate apenas afectan a unha franxa lonxitudinal de tres a catro metros de anchura por vinte de longo para respectar, mentres non se practiquen os preceptivos accesos, o camiño que pasa ante a “Casa de Pescador” e o grupo escolar en cuestión.

A presenza de inconfundibles tégulas romanas entre a terra removida, con ocasión de iniciarse, días atrás, ditos traballos, fíxonos sospeitar que quizais corresponderían ao aparello de enterramentos, a existencia do cal era presumible por razón da inmediata proximidade ao vello cemiterio, o cal respondería así a unha antiga tradición. Recomendamos entón ao capataz das obras e aos obreiros que traballaban ás súas ordes puxesen coidado cando tropezasen con novos restos cerámicos e nos advertisen ao momento, o que así fixeron con eloxiable disposición.

Ao volver, horas máis tarde, puidemos observar que no corte vertical practicado no terreo, e a menos dun metro da superficie, apareceN unha serie de tégulas perfectamente aliñadas, que o pico cortara; entón puidemos extraer xa unha destas pezas completa, aínda que con varias fracturas. Este sistema prolóngase nunha lonxitude de cinco a seis metros e parece formar parte do fondo de varios sepulcros, pero non foi posible practicar alí unha escavación en forma, pois nesta parte do corte remata a actual zona do desmonte. Cando este se continúe, será mester inicialo dende a superficie ata chegar ao nivel das tégulas, para observar a súa posición e proceder a un levantamento coidadoso.

Na mañá do pasado martes, día 16, ao practicarse polos obreiros a rotura dunhas penas situadas a un nivel inferior, volveu advertirse a presenza de novos anacos de tégulas, e entón a instancia nosa, efectuouse con todo

coidado a escavación, dando por resultado o descubrimento da sepultura da fotografía que ilustra estas notas*.

Trátase dun enterramento de cista, a parte superior da cal non puidemos examinar a tempo, pois fora removida polos obreiros antes da nosa chegada. Aproveitando unha fisura natural da rocha, separouse a parte solta daquela para practicar o enterramento, deixando entre as dúas superficies verticais antes en contacto, unha abertura de oitenta centímetros, co que se obtiveron dun xeito simple as dúas paredes laterais da cista. O fondo, tamén rochoso, foi achanzado con terra e pequenas pedras, sobre o cal foron colocadas catro tégulas planas de 50 x 35 centímetros, co seu característico rebordo de cinco centímetros de altura; as tres inferiores formaban un lixeiro plano inclinado, que se acentuaba na superior, como para dar asento á cabeza do cadáver. Outros fragmentos de tégulas corrían verticalmente ao longo das paredes da rocha, para que sobre os seus anchos bordos descansasen as que deberon formar a cobertura do sepulcro. Tanto á cabeceira como aos pés, aparecían, así mesmo, outros fragmentos, que deberon servir para tapar estas zonas. Á altura de onde estarían as pernas do corpo sepultado apareceron dous ímbrices rotos, coa concavidade cara arriba, tal coma se fosen dispostas para facer descansar as mazás da perna dentro delas. Medía o sepulcro 2,35 metros de longo por 0,72 metros de ancho na súa parte media. Tres das tégulas que constituían o chan da cista aparecían quebradas "*in situ*", seguramente por efecto do peso e da humidade da terra. A base da sepultura achábase a pouco máis de metro e medio do nivel actual do terreo; iso indica que a fiada de tellas que se advirte no noiro a menos dun metro da superficie debeu xacer no seu tempo a maior profundidade, pero os traballos de explanación do cemiterio vello, suprimindo o declive onde a necrópole romana asentou, destruíría grande parte desta deixado case a flor de terra o pouco que aínda poida conservarse.

Non se atoparon restos humanos no sepulcro; a súa descomposición foi absoluta, o que non é de estrañar, dada a humidade do chan, sometido incluso á acción da auga do mar a través das centurias transcorridas dende época do enterramento. Soamente os ímbrices mostraban na súa superficie interior sinais esbrancuxados, como deixado polos ósos ao descompoñerse. En cambio, foinos posible recoller na parte dereita da cista, e precisa-

* Fotografías non reproducidas a causa da baixa calidade das figuras.

mente dende media altura ata o pé, doce fragmentos de ferro, que sen dúbida pertencen á arma con que foi enterrado o seu dono. Trátase de pequenos anacos fortemente oxidados, moi fráxiles e amorfos agora, pero nos que aínda é doado recoñecer un aspecto fusiforme, presentando algún deles un oco interior. Non é aventurado supoñer que se trate de restos dunha espada ou daga fina, clasificación tipolóxica que resulta imposible.

Outra curiosa peza do enxoval funerario achado aquí é un fragmento, tamén, amorfo, de serpentina, do tamaño dunha noz, que acaso antes tivera forma intencional pero que a causa do longo tempo en que permaneceu enterrada, áchase amolecida e como descomposta. A serpentina, abundante noutras bisbarras de Galicia, mesmo da nosa provincia, non se atopa nas proximidades de Vigo. Esta rareza, unida ao seu uso de pedra suntuaria, explica interese o interese da súa aparición dentro da sepultura, en calidade de exvoto.

Tanto o interior desta como na zona onde aparece a fiada de tégulas, atopamos abundantes restos de carbón vexetal, vestixio de ofrendas póstumas, consistentes na cremación sobre o cadáver de incenso ou outras substancias aromáticas.

Por desgraza, tivemos que proceder ao levantamento dos elementos que compoñían a cista xa que a súa conservación alí sería imposible, entre outras razóns pola necesidade de proseguir as obras de explotación e desmonte. De todos os xeitos, estas aínda non concluíron, pois de momento se limitan a deixar un paso estreito tras os edificios da nova avenida Beiramar, e no seu día acaso teñamos oportunidade de rexistrar novos achados. Os que agora realizamos, posto que para a historia de Vigo teñen indubidable interese, serán postos por nós a disposición do Padroado do Museo de Quiñones de León, con miras a iniciar os fondos dunha sala de Prehistoria e Arqueoloxía, onde poidan recollese os achados da bisbarra.

En resumo, cremos poder afirmar que a necrópole romana contemporánea á poboación do castro, achábase situada na faldra norte deste, en inmediata proximidade (caso frecuente en Galicia) e a un nivel máis baixo do que despois foi cemiterio cristián, o cal, como é tamén frecuente, continuou a tradición do lugar de enterramentos. Á parte de abundantes fragmentos de tégulas e ímbrices, testemuña o feito a existencia dunha sepultura romana de inhumación ben conservada, de tipo cista, con enxoval funerario característico.

Vigo, setembro 1952

Actualidade de... Xosé María Álvarez Blázquez, novelista e prehistoriador

Orixinal en castelán: "Actualidad de... José María Álvarez Blázquez, Novelista y Prehistoriador". Faro de Vigo do 25 de xaneiro de 1958, pp.2.

Entrevista de Pedro **Díaz Álvarez**
a Xosé María **Álvarez Blázquez**

Prepara unha novela de tema prehistórico.

Galicia é apta para o turismo (dinos) dende a Idade de Pedra.

Conferenciante hoxe no Círculo Mercantil, sobre tema tan suxestivo como "Primeira noticia do home", Xosé María Álvarez Blázquez daranos (estamos seguros) unha amena e documentada idea da dramática e primeira aventura do home sobre a Terra. Esta actualidade cultural do noso Comisario de Escavacións, imponnos hoxe a grata tarefa de facerlle unhas preguntas. Quixéramos que estas as puidésemos facer camiñando sobre o soño antigo dun vello camiño abandonado, como tantas veces aconteceu alá polas soleadas e líricas ribeiras do Baixo Miño, pero nesta ocasión a charla ten lugar nunha rúa calquera da nosa cidade. Menos mal que non queda lonxe o Castro, que ao final é un bo fondo para falar.

Cando lle expresamos a Xosé María Álvarez Blázquez a nosa pretensión xornalística, dinos:

- ¡Pero se ti e eu xa o temos todo falado!
- *Ben; explícame que tal se levan en ti mesmo o novelista e o prehistoriador.*
- Perfectamente, e non só é posible esta dualidade, senón que no meu caso é absolutamente necesario, porque é este mesmo afán

de escritor do pasado do home e o seu pequeno mundo interior o que me leva a buscar no home actual o que nel poida haber de máis puro e auténtico, para darlle vida ás miñas novelas.

– *En tal caso débenos unha novela de tema prehistórico...*

– En efecto, e pagareina. Fai tempo que traballo con reconcentrado deleite nesa novela.

– *Outra cousa: ¿Cres nun retorno á Idade de Pedra, tras unha catástrofe atómica?*

– Non o creo máis que como un castigo divino á soberbia dos homes. Algo así como o retroceso que a humanidade sufriu tras o diluvio universal.

– *Citaches o diluvio. ¿Que di a prehistoria?*

– Xa sabes que a ciencia confirma cada día máis todo o complexo contido bíblico. O diluvio existiu e é un feito do cal o home conserva universal memoria. Foi, recórdao, tras a última glaciación. Houbo un período cálido e as augas invadiron a Terra.

– *¿Existen pegadas deses fenómenos de glaciación en Galicia?* Escasos no noso país. Sempre foi o noso clima moi benigno. O casquete xeadado que soportou Europa afectou só ao Norte e Centro de España. Nós, fronte ao clima continental, tivemos sempre o noso atlántico. Somos un país apto para o turismo dende a Idade de Pedra.

– *¿Podemos esperar que a Idade de Pedra sexa un motivo turístico para a época actual en Galicia?*

– Se non tivese Galicia outros motivos de atracción, talvez ese fose suficiente. Pero teríamos que escavar moito e organizar bos museos. De todos os xeitos, xa sabes que o fundamental atractivo da Guarda é a súa citania. Aínda que xa non sexa da Idade de Pedra, claro.

– *A propósito do Museo, ¿cando veremos esa Sala de Historia Antiga no noso de Castrelos?*

– Creo que no próximo verán. Traballamos moito, pero aínda queda un grande labor que facer. E aproveito a ocasión para dicirche que conto contigo.

– *Velaí unha grata factura á túa amabilidade de hoxe.*

Cartas aos meus fillos. En torno á historia de Vigo

Xosé María Álvarez Blázquez

I. Infancia

Orixinal en castelán: "Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo. I Infancia". Faro de Vigo do 22 de maio de 1962, pp.12.

Fillos meus, tivéchedes a fortuna de nacer nunha gran cidade, cun nobre pasado e un futuro magnífico. A ninguén mellor que a vós, que sodes parte dese futuro, poderei dedicar estas evocacións do pretérito vigués, que non vos serán de todo inútiles para que, como pido a Deus, poidades contribuír co voso esforzo ao esplendor da cidade que vos viu nacer.

Existen pobos, como existen homes, que carecen de infancia. Triste cousa é non a ter e non poder gardar na memoria un canto apracible, onde han de latexar (xa o saberedes algún día) as amables vivencias infantís. Pobos nados de súpeto ao fío dunha veta de ouro, no linde dun mar pródigo ou xunto aos altos chorros do negro betume que a terra custodia na súa entraña.

Son como homes sen nenez que se atopan de pronto apenas abertos os ollos da conciencia ao mundo circundante, inmersos na confu-

sa suxestión pueril. Coñéceselles, a uns e outros, polo desequilibrio que rexe o seu desenvolvemento físico e moral. Homes mal educados e esquivos; cidades desanxeladas, anárquicas e ruidosas.

Os pobos así advidos nunca teñen unha praza vella, un recollido soportal, un castelo en ruínas ou unha igrexa patinada pola man do tempo. Xa vedes que Vigo non é así. E eu sei que vos gusta moito subir ao Castro e pasear polos seus altos adarves; cruzar as rúas estreitas da cidade vella; contemplar aquelas laudas de época romana, que están en Castrelos, e que eu vos conte como, hai agora nove anos, desente-ráramolas en pleno corazón da cidade moderna.

Pero sei tamén como vos agrada achegarvos aos peiraos, sobre os terreos gañados ao mar; admirar os grandes transatlánticos na Estación Marítima; percorrer a Gran Vía; dar un paseo, o domingo pola tarde, ata o aeroporto de Peinador... Todo isto atráevos, porque Vigo posúe o dobre encanto da súa puxanza moderna e os seus antigos recordos. Porque Vigo, en fin, é un pobo con nenez. Unha nenez como a vosa, que empezou na maior invalidez, tendo que pedilo todo, furtándolle enerxías á natureza, e que xa, pouco a pouco, se vai valendo por si soa, ata que un día vós, como Vigo, poidades devolver, con obras de creación, aqueles empréstitos vitais.

Os pobos (xa o vedes) seguen un proceso similar ao dos seres vivos. Teñen tamén a súa infancia, a súa xuventude, a súa madurez... Vigo está a alcanzar este último momento. Outro día explicaréivolo. Hoxe quero apenas referirvos, moi sucintamente, como foron aqueles primeiros pasos de Vigo, cando aínda non tiña nome, igual que os nenos antes de recibir as augas do bautismo.

As rías galegas son antigos vales terminais, que se afundiron no Océano a consecuencia dunha depresión da faixa costeira de Galicia. Onde hoxe están as augas, Cíes adentro, houbo un fondo val, poboado de bosques e animado por unha fauna abundante. Por ese val descendían ao mar (moito máis afastado entón) os cursos de varios ríos. É probable que o último período daquel afundimento da costa fose presenciado polos primeiros habitantes da bisbarra viguesa.

En efecto, nas marxes da ría de Vigo, existen probas de que estas terras foron exploradas polo home dende moi cedo. Atopamos machados de man en Coruxo, en Saiáns, en Alcabre, nas estribacións do

Castro, e, ao outro lado, en Cangas e en Aldán, que son testemuños certos do paso do home primitivo pola bisbarra. Xa sabedes como son estes útiles tallados en cantos rodados de cuarcita, porque vós mesmos me axudastes a desenterrar algúns. ¿Que emoción?, ¿recordades? volver ter nas nosas mans, despois de tantos milenios sepultados baixo terra, aqueles machados que o home do Paleolítico fabricou a golpes, para as súas difíciles e arriscadas cazarías.

Aquí, ao bordo do mar e no interior do val de Fragoso (que, segundo o seu nome, sería un grande bosque selvático) viviu o home do Abbevillense e do Achelense, as primeiras culturas europeas coñecidas, a antigüidade do cal se remonta ao medio millón de anos. Era un home case incompreensible para nós, que tampouco podemos comprender doadamente esa cifra enorme de cinco mil séculos. Aquel home cazaba e pescaba, ou (mellor) recollía simplemente das rochas e as praias os moluscos e crustáceos que a natureza lle ofrecía pródigamente. A terra de Vigo, co seu mar, os seus ríos e os seus bosques, constituía un magnífico “hábitat”, pero aquel home que a cruzou por primeira vez, aínda non era un vigués como vós. Carecía de patria, e nin sequera tiña conciencia dun concepto así. En ningunha parte se sentía seguro e satisfeito. Ía do mar ao interior dos vales, sempre nómade e sempre inqueda, como os nenos que pronto se cansan de todo.

Estaba, en realidade, vivindo a infancia da Humanidade. Pasou pola terra de Vigo en hordas sucesivas, pero aínda ignoraba o que era quedar nun lugar e facer unha casa. Isto fíxoo, moitísimo despois, o home, do Asturiense, un “*homo sapiens*” xa, que arribou ás nosas praias fai cousa de quince mil anos. Este xa pescaba, xa manexaba o arco e a onda, xa navegaba, mesmo. Era un home de vida costeira, que veu ascendendo dende o África Occidental e chegou ás costas medias europeas.

Do home Asturiense achamos tamén algúns instrumentos en Alcabre, en San Paio de Navia, e nas Cíes. A súa vida non foi tan errática. Sentía xa o afán de establecerse nalgunha paraxe. Refuxiouse no Castro, sempre aberta ante a posible irrupción de xentes inimigas, e alí plantaría as primeiras chozas dunha poboación, máis ou menos dura-deira. Descendía á beira do mar, arrancaba lapas das rochas cos seus

agudos picos de cuarcita, e ía amontoando os seus restos de comida no propio cumio do monte. Aínda vemos alí residuos destes grandes amontoamentos de cunchas e ósos de animais, que habitantes sucesivos foron incrementando, ata a mesma época da dominación romana.

Co home Asturiense, os útiles do cal aparecen enterrados baixo a area das praias, Vigo aínda non tiña nome (e, se o tivo, perdeuse entre a bruma do tempo). Pero no cume do Castro existiron xa unhas míseras vivendas de tempada (íavos dicir de veraneo) xerme remotísimo desta grande cidade de hoxe. Era o termo dunha infancia escura e desvalida, como a do neno, que apenas soubo romper a falar.

II. Artesáns e Magos

Orixinal en castelán: "Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo. II. Artesanos y Magos". Faro de Vigo do 30 de maio de 1962, pp.11.

Quixera referirvos con algún detemento, fillos meus, a aventura do home do Neolítico, porque é digna, realmente dun libro de aventuras. Pero hai que se dar presa nestes relatos, se habemos de esbozar apenas o perfil biográfico da nosa Cidade. Vigo, contra o que algúns poidan crer, ten moita historia.

Poderíamos dicir que aquel home era xa un sabio: construía vivendas estables, cultivaba a terra, tecía o esparto e o cânabo, pulía os seus machados de pedra marabillosamente mesmo chegou a coñecer a cerámica, que moldeaba a man e cocía sumariamente. Pero ademais, o home do Neolítico non estaba só. Tiña xa ao seu lado a un excelente compañeiro, tras selar unha alianza singular con el, era o can, que deixou a vida selvática e achegouse ao home, para auxiliarlle nas súas cazarías, vixiar a súa morada e ser fiel gardador da súa prole, fronte ao posible ataque doutros animais.

Este home extraordinario deixou en Vigo algúns testemuños do seu tránsito pola bisbarra: dolmens en Bembrive, Vincios; insculturas rupestres de Fragoselo e Oliveira; machados pulidos de Coruxo, A

Guía. Os castros da bisbarra fóronse poboando en torno ao outeiro que aínda hoxe domina a vasta extensión cidadá. Aquel Pobo sedentario e agrícola, cazador aínda e xa pescador hábil era tamén un pobo guerreiro. Como tal, vivía empolicado nas cúspides, que a terra ofrecía pródigamente como fortalezas naturais, para dende alí descender á costa e aos vales, en busca do sustento cotián. Podedes imaxinárvolo habitando, en pequenos grupos. Os cumes de A Guía do Castro, de Castrelos, de San Lourenzo, de Chandebritto e de tantos outros lugares aupados sobre o fondón dos vales, e refuxiándose de noite nas súas pobres vivendas feitas de madeiros e de palla. Nada queda de todo iso, se non son iso, vestixios que vos citei e os que aínda poderá gardar a terra, avara sempre dos seus segredos.

Pero xa a zona de Vigo tivo dende entón uns poboadores afincados nela, que nesta terra nacían, traballaban e nela morrían, legando a pobre facenda aos seus fillos. Xa sabedes que entón se fai tamén o home gandeiro e pastor, reducindo domesticadas algunhas especies de animais, máis submisas e apracibles, e eu imaxino que a poboación neolítica destas marxes iniciaría naquel período a repartición dos bens naturais, que a providencia poñía xenerosa ao seu alcance: dun lado, o home curvado sobre o duro terrón, o home campesiño, cazador e gandeiro; doutro o home asomado á suxestión cambiante das augas, inqueda pescudador de rochas e ribazos, o home pescador, a lombos da súa fráxil nave de paus e coiro. E, se queredes, cabe pensar aínda nunha terceira categoría, a do "*homo faber*", tan fecunda hoxe no noso Vigo industrial e emprendedor. A este home especializado poderemos atribuír os oficios de oleiro e tecelán, que entón (cinco mil anos antes da nosa era) inicia a súa exemplar artesanía.

Quero que saibades que o home do Neolítico pode definirse tamén como "*homo religiosus*". Cara a atrás quedan poucos testemuños de ideas transcendentales na Humanidade, aínda que é verosímil a existencia dun culto aos mortos, ou diso outro que un autor contemporáneo, Mircea Eliade, estudou como fenómeno de divinización momentánea, segundo o cal o home primitivo sacraliza a aqueles elementos que cree lle favoreceron na súa aventura: a árbore que lle serviu de amparo contra a fera, a fonte que apagou a súa sede, o río pródigo, a rocha protectora...

E xa, tras aquel home artesán e relixioso, un paso máis colócanos fronte ao da Idade de Bronce (un paso xigantesco na marcha da Humanidade), envorcado sobre un mundo máxico, de misteriosa fondera, aínda non desvelado por enteiro.

Este home invade en ondadadas sucesivas a nosa terra, arredor do ano 3.000 a. de C., poboaa os castros, caza, pesca e guerra. A súa vida anímica depende continuamente da divindade, presente para el nas múltiples formas da Natureza (os astros, as augas, as árbores, as rochas, as serpes) e a ela dedica complexas cerimoniaas de sacrificio, para facela propicia e benigna, en lugares sagrados. De tales lugares temos en Vigo un exemplar magnífico, que vós coñecedes, porque moitas veces vos levei a el, dende que, hai algúns anos, tiveron a fortuna de descubri-lo. Fálovos, fillos meus, do santuario prehistórico de Coruxo, fronte por fronte á ermida de San Lourenzo.

É un conxunto singular, que non envexará demasiado ao de Panoias, en Portugal, cando os estudos en torno a el poñan en claro os seus recónditos misterios. Alí, aberta en rocha viva, está a grande pila de sacrificios, de máis dun metro de diámetro, coas súas tres amplas bancadas laterais e, no medio delas, os sucos que levarían o sangue das vítimas á pila. (E non vos alarmedes, porque estou case certo de que estas vítimas serían animais, non humanas). Alí temos, en distinto lugar do cumio, outras bancadas para ascender ao megálito natural, onde se mostra unha escura inscrición, invocadora acaso dun deus CAMAL, cristianizada por senllas cruces laterais. Alí en suma, podemos admirar outro petróglifo tardío, o chamado popularmente “a parrilla do Santo”, do mesmo modo que a pila principal se di polo pobo ser a que serviu para lavar nela o corpo glorioso de San Lourenzo, despois do seu martirio. Unha vez máis, como o cristianismo purificador veu sacralizar o vello santuario dos cruentos sacrificios.

Con aquel templo de pedra revelador das súas preocupacións relixiosas, da súa escura maxia e os seus ritos propiciatorios, o home de Vigo empezaba a vivir a súa primeira xuventude. E naquel tempo convivían xa na nosa terra o labrador, o guerreiro, o artesán e o mago. Unha nova clase, esta última, que non tardaría en producir, e non por dexeneración senón por un proceso sublimatorio, outra non menos privilexiada: a dos bardos ou poetas.

III. Industriais e Guerreiros

Orixinal en castelán: "Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo.

III Industriales y Guerreros". Faro de Vigo do 5 de Xunio de 1962, pp.14.

Fillos meus: a vosa vida é unha sucesión continua de horas e días; a vida dos pobos tamén. Pero a súa biografía adoita trazarse tomando como puntos de referencia certos momentos cruciais da historia. Doutro modo sería imposible. Imos, pois, a dar hoxe outro pequeno tranco no noso camiñar a través da Historia de Vigo.

Se o mundo do artesanado e da maxía sentaba as bases dunha nova estrutura social, era preciso aínda un segundo paso no progreso cara a formas estables da vida en pobos, que só podía conseguir mediante a chegada de dous novos estamentos, o dos milites e o dos negociantes. Aos primeiros estaría encomendada a defensa armada dunha orde e uns intereses comúns; ao segundo intensificación da riqueza, o intercambio de produtos. E isto só foi posible co descubrimento prodixioso do ferro, que viría a instaurar unha nova Idade, dando espadas, lanzas e venablos ao guerreiro; ciceis, martelos e pancas ao industrial.

É por entón (500 anos a. de C.) cando o noso Vigo empeza realmente a ser e ter xa un nome, senón para o seu poboado, si para os seus poboadores. A expansión dos celtas trouxo á ría a súa fecunda organización tribal e o seu recia concepción defensiva dos "oppida", os nosos castros amurallados. Para iso, Vigo ofrecíalles as inmejorables condicións naturais da súa atalaia, erguida sobre o mar e os vales circundantes, anti-gu lugar de refuxio do home transhumante.

Os historiadores e xeógrafos, sitúan nesta bisbarra a xentilidade céltica dos "spaco", a cal, tras centurias de pacífico dominio, señoreando terra e mar, houbo de enfrontarse case inermes coas invencibles lexións romanas, nunha historia accidentada, que non hei de repetirvos agora aquí; direivos apenas que aqueles "spacos", os primeiros vigueses de nome coñecido, resistiron valentemente os embates do poderoso invasor. Naquela loita viñeron a unírselles os indómitos "herminios", e a súa resistencia conxunta causou asombro na orgullosa capital de Roma, Xulio César, en persoa, houbo de acudir cos seus exércitos, para reducir, despois de durísimas pelexas, aos indíxenas, acollidos, como último refuxio, á pétreo fortaleza das Ilas Cíes.

Alí coroou o invicto xeneral a súa campaña contra os “cantabros” e “calaicos”, tras un apertado cerco por mar. Na illa do Faro, fronte á alucinante visión dun mar sen beiras, descansou o futuro dono de Roma, e acaso alí, coa memoria recente dos sucesos, escribira algunha das súas páxinas históricas. (Recordaredes, porque algunha vez volo dixen, que na romanizada Illa de Toralla foi achado hai anos un dos raros “stilos” ou punzóns para escribir sobre comprimidos recubertos de cera, que ata agora se descoñecen en Galicia. Non sería o “stilo” de Xulio César, claro está, pero se o dalgún personaxe romano, que, na idílica paz da illa, comporía, talvez, un ignorado canto a esta terra sen igual (Toralla ben vale un poema latino).

E pouco despois da pacificación, xa soa Vigo nos fastos da Historia, co seu nome actual. No “Itinerario” de Antonino Caracalla, mediado o século II da nosa era, figura a mansión “*Vicus Spacorum*”, o Vigo de hoxe, recordando aínda a súa orixe céltico e tribal, xunto ao seu novo valor de poboado forte. A primitiva poboación celta, asentada no Castro, a penas sufriría outra transformación no seu réxime interno que a imposta polas novas leis. A acrópole enriqueceríase coa construción dalgunhas “vilas”, ou residencias señoriais, dos mandatarios de Roma e os comerciantes nativos enriquecidos, mentres outras vivendas de nobre porte se levantarían no cabicastro que, internándose no mar como unha pequena península foi despois lugar de asento do Vigo medieval.

Os últimos descubrimentos arqueolóxicos fannos pensar que o Vigo romano se distribuiría do modo seguinte: un núcleo aborixe, con incrustacións romanas, que habitaría o Castro; unha poboación distinguida, de funcionarios militares e civís, diseminada en terreos de recreo polas faldras do monte e, de xeito especial, no morro granítico que foi despois asento da vila medieval; e unha terceira poboación máis sobrecargada que a da propia acrópole, asentada ao longo da praia do Areal. Este terceiro núcleo estaría integrado por xentes do mar e comerciante rurais.

Era aquel o barrio mercantil do “*Vicus Spacorum*”, a puxanza da cal nunca se vería minguada, nin aínda nos escuros séculos de medievo vigués, tan pouco coñecidos. Por alí ía a vía militar romana (“*Per Loca Marítima*”) que dende Braga, chegaba a Lugo a través dos lugares e mansións próximas á costa, despois de atravesar o Miño. A calzada deixaba atrás “Valcagia”, a actual Baiona, e encamiñábase por Teis, seguindo o

sinuoso recorte costeiro de Pontevedra, isto é, a mansión nomeada “*Ad Duos Pontes*”. Pero, antes de abandonar o barrio mercantil e navieiro do Areal, onde Vigo referenda o seu título da súa historia fronte ao mar, o camiño ornábase, a un e a outro lado, cos piadosos monumentos funerarios, que desenterramos por un venturoso azar en marzo de 1953.

Estas laudas son hoxe o testemuño máis elocuente daquel pasado romano de Vigo e revela a importancia que a poboación tivo xa entón. A través delas, resulta curioso e aleccionador, comprobar como, xa nos primeiros tempos da súa historia, Vigo é unha urbe aglutinante, onde achan acomodo xentes doutras terras e outros mares, tales como os membros dunha ampla familia “cluniense” ou aquel malogrado “Marítimo” mozo aos 25 anos lonxe dos seus lares nativos. No Museo de Castrelos están hoxe os seus laudas, nelas, a nómina dos primeiros vigueses de nome coñecido.

Alí podedes ver a estampa dun guerreiro, co seu curto “*sagum*” e a súa grande espada, xenuíno representante daquel novo estamento social, de que antes vos falei. Non gardamos, en cambio, imaxe ningunha do primeiro fabricante vigués, pero si (o que importa moito máis) posuímos unha elocuente mostra da súa historia: unha “*mola olearia*”, descuberta hai sete anos no lugar de A Oliveira, en Teis. O nome non pode ser máis expresivo, e revélanos a remota existencia dunha plantación de oliveiras naquela zona, da cal se beneficiaría aquela sinxela industria de extracción de aceite. Á parte da “*mola olearia*” descubrimos alí un bo número de columnas, basas, muíños de man, canaletas, ladrillos e tégulas, que nos permite reconstruír idealmente aquela xerminal instalación fabril de Vigo.

É curioso que a Arqueoloxía veña a revelar, ao cabo de dezasete séculos, a incipiente vocación industrial dunha cidade. Convén que meditedes niso, fillos meus, por que a Arqueoloxía é moito máis que unha intranscendente diversión de eruditos.